

A MEDIO PRAZO O PROCESO DE ENVELLECIMENTO DA POBOACIÓN TERÁ IMPORTANTES REPERCUSIÓNS NO MERCADO DE TRABALLO

O IGE presenta a proxección de poboación activa

A través desta proxección preténdese avaliar a incidencia dos cambios demográficos e da propensión a insertarse no mercado de traballo sobre o volume e a estrutura da poboación activa nos próximos anos.

Este traballo ofrece resultados para o conxunto de Galicia e as catro provincias para un período de 15 anos (2002-2017). Trátase dunha proxección derivada, que se sustenta na proxección de poboación previa realizada polo IGE, e nela contéplanse tres escenarios de evolución da actividade: un escenario baixo, que considera un lixeiro incremento das taxas de actividade do ano 2004 ao longo da proxección, un escenario alto cun notable incremento destas e un escenario medio, situado nunha posición equidistante, que se considera o escenario de referencia.

Hipóteses da proxección

Á hora de formular as hipóteses consideráronse catro aspectos cunha evolución futura pouco cuestionable e que terán unha notable influencia sobre a actividade:

- A escaseza relativa de activos nas idades novas nos próximos anos
- A consolidación do proceso de terciarización da poboación ocupada
- O aumento paulatino do nivel de instrución dos activos, que se produce con gran intensidade nas xeracións máis recentes
- O endurecemento progresivo das condicións de prexubilación que prevé o pacto de Toledo

En termos xerais as hipóteses para a actividade masculina supoñen un incremento da participación laboral nas idades de entrada e saída da actividade e unha lixeira recuperación nas idades centrais.

A actividade feminina proxéctase a partir da súa relación coa actividade masculina. Nos últimos anos en Galicia obsérvase un crecemento da forza do traballo feminino, cunha grande aproximación entre as taxas de ámbolos sexos nos grupos de idade máis novos. Resulta previsible un crecemento dos niveis de actividade femininos baseado na incorporación ó mercado laboral de xeracións novas e cun maior nivel de instrución, que irán substituindo as xeracións precedentes cun menor nivel educativo e unha maior dependencia do ciclo de vida familiar. A hipótese que se establece baséase nos valores que a ratio entre a actividade masculina e a feminina presenta na actualidade nalgúns países nórdicos, pero adaptándoas ás xeracións galegas

Lixeiro incremento do número de activos

A partir das hipóteses, defínense unhas estruturas de actividade por sexo e idade no horizonte da proxección e, a través de diversas técnicas, obtéñense as taxas de actividade por sexo e grupo de idade para cada ano da proxección.

Aplicando estas taxas á poboación estimada na proxección de poboación obtense a poboación activa.

O número de activos de Galicia, que se cifra en 1.250.000 en 2004 ascendería segundo o escenario medio da proxección ata 1.323.000 en 2017, o que representaría un incremento do 5,78%.

Esta evolución presenta, non obstante, dous períodos claramente diferenciados. O primeiro ata o ano 2011, de crecemento sostido e o segundo a partir desta datas de descenso continuado que provoca unha perda de 8.000 activos ata 2017.

No primeiro período o aumento do número de activos é consecuencia do incremento que se segue a observar na poboación comprendida entre 25 e 49 anos e do gran crecemento das taxas de actividade das mulleres.

No segundo período prodúcese un importante descenso de efectivos demográficos nas idades de maior actividade como resultado da paulatina chegada de xeracións cada vez menos numerosas.

Maior papel das mulleres no mercado de traballo

Este pequeno crecemento do número de activos non se reparte por igual entre ambos sexos. No escenario medio, en 2017 contabilízanse 72.000 activos máis que en 2004, crecendo os efectivos masculinos en 26.000 e os femininos en 46.000. Isto supón no conxunto do período un incremento do 3,8% na poboación activa masculina e dun 8,4% na feminina.

Continuará polo tanto o proceso de feminización da forza do traballo aínda que a un ritmo menor que en etapas anteriores

O efecto do proceso de envellecemento poboacional sobre a actividade

A estrutura de idades da poboación activa caracterizarase a medio prazo por un paulatino proceso de envellecemento, entendendo por tal un descenso do peso relativo dos activos adultos-novos e un aumento dos de idade madura.

Así, os activos entre 16 e 29 anos descenden dende os 316.000 de 2004 ata preto de 218.000 en 2017, como consecuencia da chegada a esas idades das xeracións pouco numerosas nadas a partir da segunda metade dos 70. Mentres, os de máis de 50 anos terán un incremento de 103.000 efectivos no mesmo período.

O envellecemento da estrutura da poboación activa ten a súa expresión nunha modificación do peso relativo dos distintos grupos de idade. No ano 2004 o 25% dos activos ten entre 16 e 29 anos, o 52% de 30 a 49 anos e o 23% máis de 50 anos. No 2017 estas porcentaxes sitúanse no 16,5%, 54% e 29,5% respectivamente, no escenario medio.

As repercusións deste proceso, no que a fase máis aguda se sitúa fóra do período da proxección, suxire a necesidade de que as futuras políticas públicas que afecten ó mercado laboral inclúan medidas que permitan adaptar o crecente número de traballadores maduros aos cambios tecnolóxicos e ás transformacións do sistema produtivo

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Comunicados en : <http://www.ige.xunta.es>
e-mail: ige@xunta.es